

# ANDEIRO

POEMA HISTÓRICO BRIGANTINO  
DA UNIÓN IBÉRICA

(SÉCULO XIV)

POR

Evaristo Martelo Paumán




DEMIA  
GA  
UÑA

1

oteca

CRUÑA  
—  
imprenta de Zincke Hermanos  
1922



REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

4261

Biblioteca

ANDEIRO

Este novo bon rapaz  
Pepe e Saya; que tanto  
foi é ven proudeira,  
ANDERSON  
oficial da rosa Real  
Academia; como  
segundo o autor



# ANDEIRO

---

POEMA HISTÓRICO BRIGANTINO

DA UNIÓN IBÉRICA

(SÉCULO XIV)

POR

Evaristo Martelo Paumán

Todos os direitos reservados



CONDE ANDEIRO

CRUÑA

Imprenta de Zincke Hermanos

1922

# ANDEIRO.

ROMANCE FÍSICO-BÁNTICO

DA UNIÓN AMERICANA

(1880-1881)

Nº 29


Eduardo Muriel Pensum

É Propiedad do autor



## O CONDE ANDEIRO

(Da "Historia de Portugal", de Pinheiro Chagas)



## CANTO I

---

# No Castro de Asperón (1)

---

Pinga de fel carraxosa  
na lousa da esclavitude  
guindando estou.  
Se non acudis co-a vosa,  
forte eu da fé na virtude  
pra atrás non vou.

O Autor.

\* (*Misión dos Bardos. 1886*).

## I

Piñeiro longos do verde castro  
onde hoxe aniñan aigas tan só,  
n-ese penedo que envolto tendes  
fungando en roda dêl arredor;  
voz fonda e grave das soedades,  
eco dos mortos, altos abós,  
piñeiro longos. ¿Qué me decides?  
¿Por que somella roncando o son

das vosas gallas, que o vento arrola,  
 que un enemigo coidâsme vos?  
 Abríme paso, pinos do Castro,  
 teño meu posto no de Asperón,  
 non son alleo; reconocême;  
 sey, que gardades; sey onde vóu;  
 calar, piñeiro, calar e oíme;  
 xa, que eu vos fale no corazón,  
 xa, que vos diga para o que veño,  
 xa, que tremedes á miña voz  
 xa, que vos vexa, feros, valentes,  
 erguel-os gallos como o león,  
 que carraxoso crispa a guedella,  
 ceibando os ollos lume arredor...  
 ...despóis roncade; leven os ventos  
 por toda a roda, que o celta andóu,  
 dende o Roncudo da frente ousada,  
 dende a gran torre, que dos Xerions,  
 tén por cimentos xigantes osos  
 do Hércules celta fero blasón,  
 do sol que morre ao sol que nace,  
 leven os ventos ainxente voz  
 cal de Tirteo que encenda os peitos,  
 cal zomba lonxe forte cañón,  
 cal centellatido na escura ncite  
 trona nos tronos, a voz de Dios.

Quezais de oíla tremen cobardes,  
 neve no peito, neve na cór,  
 tirans, que esquencen, sen ver Pompeya,  
 sen ver da historia canto enseñou,

ser muy esposto fiar de soños,  
¡volcáns e pobos; dormen, ou non!  
II

Valor, lealdá e constanza sempre foron  
o rosto propio, o sino dos gallegos,  
e unha fe tan podente, que cal Fénix  
renaz, da cinza mesma no seu peito.  
¡Seu Dios, seu lar, os séus, son propia vida.  
¿Quen arredalos pode de un gallego?

Cando todo arredor se abaixa ou cae,  
cando as veciñas hostes se abateron,  
e aos pes de un vencedor baixa a coliga,  
rendidas sofren os grillons de ferro,  
e rinchando os cabalos de un Atla,  
trillan capelas, tombas, lares, éidos  
e en Dios, non mais, as esperanzas poñen  
os homes, que nos homes as perderon,...  
...enton; na cume dos seus hirtos montes,  
coroados de céltigos penedos,  
onde as aigas ariscas fan o niño,  
as testas erguen os sereos suevos  
de mirar maxestuoso e repousado,  
garridos corpos e varudos membros,  
as frameas brandeando, que relocen  
do sol de Finisterra co-os refrexos,  
de sangue e lume lostregando rayos  
cal do león na noite os ollos feros.

Eles foron con Roma e con Cartago,  
nos campos cataláunicos, nos tempos  
de Requila e Requiaro sin segundo,  
cumes augustas do poder dos suevos,  
¡sempre! sempre, que a ley da humanidade  
afoga en sangue os ídolos sobervos  
de costumes e imperios, que xa foron...  
e compre deixen o caduco cetro,  
eles foron coluna, firme sempre,  
resistindo o trebón, valo de ferro  
onde á esnacarse veñen ao topalo  
cantos cobizan este chan gallego  
cal se desfán as ondas bramadoras  
do altivo Orzán nas furnas de San Pedro.

Galicia e Portugal, Galicia soa,  
pois Lugo e Braga sempre son o mesmo  
e a gran Lisboa é mesmo patria nosa  
que ese Madrid dos mouros de Toledo,  
ten a misión de Dios, é o brazo forte  
da reconquista nos confins Iberios,  
é arca santa, que garda esos tesouros  
cal garda Lugo o Santo Sacramento;  
de virtudes dos homes, que son homes,  
non vándalos de aló, de floxos peitos;  
por eso sempre en cada feito grande  
esta alta casta, que aloumíña o ceo,  
nervo de ferro cando as mais podrecen,  
ten o seu home no lugar primeiro.  
¡Se Iberia quer saber os seus destinos  
a Esfinxe pousa aquí, casteláns cegos!

De Tuy era Pelayo, se él non fora  
 ben renderan á España os sarraceos!  
 gallego foy Charino, o de Sevilla,  
 o dos Vélez, Faxardo, outro gallego;  
 perde o Gran Capitán a Seminara,  
 c-un Andrade de acó vira o taboeiro;  
 vay a Cruz á Lepanto contra o turco,  
 e no combate aquel, pasmo dos tempos,  
 ¿Quen pon a ley rendendo a capitana  
 de Ali brioso y o pendón collendo?  
 ...Don Gil de Andrade, casta de Faxardos,  
 e sempre foy así; nos días pretos  
 seis meses pra vencer nos abondaron  
 de Bonaparte o fazañoso exército  
 mentres España inda tardou seis anos,  
 e ¿se nos non foramos?... fale Wellington. (2)

Hoxe compren recordos ¡triste España  
 dos godos e dos vándalos proveito!  
 sen honra, sen caudal, co-a frente roxa  
 a herencia rica dos abós perdendo!  
 a tan dexenerada e miserable,  
 que inda un berro non tes, cativo peito!  
 de pes e mans atada como Cristo  
 por Xudas que ¡vendidos! te venderon! (3)

Compren recordos hoxe, aquí repousan  
 valor, lealdá e costanza; non morreron,  
 os homes ainda aquí, como na España  
 de Ponferrada aló, na Mesta á reo;  
 como en Madrid, que son dos de Alfarache,  
 non dos Bos, os Guzmáns, que teñen mérito.

Con homes de esa clas, está ben todo;  
 ¡para tales varons, tales gobernos!  
 Por eso vou contarvos esta historia  
 de cando o malfadado rey Don Pedro  
 primeiro de Castela, o valeroso  
 foy mal morto en Montiel, Abel moderno,  
 e Espanha sin honor, xentes mercadas,  
 van de xionllos á bicar ó cetro  
 de caín coroado; como en frente  
 da infamia xeneral, houbo gallegos  
 fieles á ley de Dios e á monarquía,  
 de enriqueñas mercedes con desprezo,  
 que, deixando nos lares canto tiñan  
 anque eran Ricos-homes, van dereitos  
 á Lisboa á loitar como fidalgos  
 do lexítimo Rey pol-os herdeiros  
 e pol-a unión Ibérica esperada  
 baixo os pendons do Santo Sacramento  
 hasta perder a vida xenerosa  
 de unha traición cobarde á torto ferro,  
 un d' estes homes, o que mais esplende  
 foy o Conde de Ourém, o noso Andeiro  
 ¡Sexa seu nome, de vilans, castigo,  
 ¡sexal seu nome, para os bos, espello!

Fidalgas ponlas do tronco sueno  
 que, pé do Miño, de aló e de acó  
 no mesmo rego, na propia terra

temos un labio, e un corazón!  
Non sei se sodes, non sei se somos  
o fillo pródigo, ben vós, ben nós,  
sei que nos peitos tiran as cordas  
e os brazos téndense de acó e de aló;  
lembra non quero pasadas faltas,  
témolas todos ¡Dios nos cegóu!  
muchan os peitos remordementos  
¡Que longa noite de maldición!  
Mais xa trasvexo vir a alborada,  
desperta a vida, sinto o rumor  
lexano e maino, que crece e crece,  
co-a luz fervente do novo sol;  
sinto nos ventos, sinto nas follas  
zombar uns ecos de grave son  
que, así cal traen arrecendentes  
mestos alientos de toda flor,  
que ao paso atopan, os doces aires,  
así fan pouso no corazón  
de un sentemento forte e muy fondo  
suma de moitos n-un grande e sóo,  
que ten recordos, ten esperanzas,  
odios, caraxes, queixumes, dôr,  
de nai ferida chorosa queixa,  
de pai vizoso valente voz,  
prantos de debles, berros de fortes,  
das alarbeas bético son,  
campâ premente, que xunta as hostes  
e hasta nas tombas ergue os abós,  
que, retorcéndose c-os puños hirtos

n-un berro estoupan de maldición:  
«Indignos fillos da terra sueva  
»que en negro día vida vos dóu,  
»malditos sede, se ao vela esclava  
»non esnacades os seus grillons!  
»Non naceu ela prâ ser do vândalo  
»non naceu ela para o bretón!  
»¡Hirmans de sangue, de historia e lengua  
»¡erguede, ¡adiantel con nosco é Dios!» (4)

## CANTO II

---

# O Rico-home Xan de Andeiro

---

Follas de ouro do libro pechado  
das altas grandezas de un pobo dormido  
vivos lostrós que as sombras fendedes  
das brétemas negras dos antros do olyido  
¡cal vos sinto do peito no fondo  
punxentes tenxendo cal rayo encendido!

O Autor

(A Galicia. 1894).

### I

Galana ponse Lisboa  
como sultana dos mares,  
baixo a crus, que Alfonso Enríquez  
asentou nos seus adarves  
tras vencer cinco reys mouros  
douscentos anos enantes  
para quen gardan os fados  
cando outros tantos pasaren

un Gama, que aos catro ventos  
a leve a lombos dos mares  
e un Camóens dos Andeiro (5)  
que con trompa de ouro ó cante.

Non era aquela Lisboa  
á mesma, que n-esta edade,  
mais de ceo, aguas e terras  
locía as prioridades,  
e anque a apreixaban os muros  
e rebustos castelares  
da defensa, que pedian  
aqueles tempos feudales,  
e as mais ruas eran tortas  
e non limpas, e á escoitarse  
o toque das oracións  
cada un tiña que alumarse  
e pensar en defenderse  
de moitas castas de males;  
o Pazo-Castelo Real  
preto San Martiño grande,  
as prazas, a Rua Nova,  
que era a mellor de cidade,  
a Sé, fábricas mouriscas  
e bôs pazos señoriales  
con portas e con xanelas  
de arcos godos e follaxes  
facian, xa n-aquel tempo  
ser Lisboa gran cidade.

Entre velos transparentes,  
ricas sedas deslumbra:tes

e escintilantes refrelos  
de xoys donde o sol arde,  
como riquísima perla  
que n-un cerco de diamantes  
xunta a sua fermosura.  
â da riqueza e das artes;  
pousada como unha Armida (6)  
nos seus xardins orientales  
sobre aquel mar de zafiros  
que os blancos pes ven bicarlle,  
baixo aquel céo claro e limpo  
que aos ollos non lle pon mardes  
e mais alá o pensamento  
ver coida entre o azul os ánxeles;  
Lisboa, a xentil Lisboa  
co-os seus floridos paisaxes,  
mosteiros, pazos, castelos  
que deteñen ao viandante  
para deixarlle un recordo  
que xa da frente non cae,  
viste de gala as xanelas  
onde as donas apretándose  
somellan ramos garridos  
gloria da vista e dos aires.

Enche a Rua Nova o pobo,  
que o fondo das huchas trae,  
e como ferve o cortizo  
cando as abellas non saen  
así en movemento ferve

toda a vida na cidade.  
Lisboa, a xentil Lisboa,  
fada garrida dos mares,  
despois que os embaixadores  
do bon Duque de AlenCASTRE,  
Xan de Andeiro e Roxer Hoor  
firmaron pacto hirmandade  
con Don Fernando primeiro  
de Portugal, pra axudarse  
contra Leon e Castela  
xa que os dereitos non valen,  
feito en Braga en mil trescentos  
setenta e dos anos; marxen  
para o cerco de Lisboa  
que un mais tarde custou sangue  
castelana e portuguesa,  
e diplomáticos lances  
de que aquí non fago conta;  
hoxe, nove anos mais tarde,  
agarda o froito, á Buarcos  
posta a roda, van chegándose  
para anclar corenta barcos  
ingleses, co-os de AlenCASTRE,  
con eles ven Xan de Andeiro.

—

As brancas velas infrándose  
somellan papos de pombas;  
e retórcense nos aires  
bandeiras e gallardetes  
na virada flameándose.

Ven corte de entrambos reinos;  
 damas, cabaleiros, paxes,  
 forzas da armada, riquezas  
 para locimento e gaxes,  
 con aquela fantasia  
 de xentes ricas e grandes  
 de aqueles tempos, que o peso  
 dábase de man co-as artes.

Mais xa vos direi outrora,  
 se Dios quer, que eu non vos cause,  
 os fios de esta madeixa  
 e a ley, que eses barcos traen.

Direivos mentras non chegan,  
 quen era o que aquí nos vale,  
 Xan de Andeiro o Brigantino.  
 ¡Xustos seredes se o amardes!

Noso historiador Murguía (7)  
 divos, que por non constarille  
 o seren nados na Cruña  
 nin Don Fernando de Andrade,  
 o que casou co-a raiña  
 primeira, condesa enantes,  
 viuda de Alfonso Enríquez  
 de Portugal, ni o mais grande,  
 seu pai o conde de Traba,  
 que foi sol da sua edade,  
 fixo rey a Alfonso sétimo  
 e por él sofrío mil males;  
 o primeiro que da Cruña  
 por fillo debe contarse:

«é o fidalgo Xan de Andeiro.»

Eu digo que aqueles grandes  
 anque na Cruña nacesen  
 non se lle poñen diante,  
 seu alto valor, talentos,  
 embaixadas importanfes  
 en busca da unión Ibérica  
 Iouba Froissart, e outros daniel  
 de cabaleiro e valente,  
 negociador e constanfe  
 fantos loureiros e cróas  
 n-aqueles tempos, que vale  
 por cen trunfos a sua morte  
 como veremos adiante,  
 mais para os reinos de España  
 foi desventura muy grande.  
 ¡Se él vivira! ¡Que outra forá  
 Galicia na nosa edade!  
 o asesino traicioneiro  
 de aquela morte cobarde  
 non só matou o fidalgo  
 senón o porvir xigante  
 do pobo, que degolou  
 por ser rey o miserable,  
 que comenzou de asesino  
 co-a muller propia estorbarlle. (8)

Xan de Andeiro foi un home,  
 que agarda Homero, que o cante,  
 e se o non tivo, nen ten  
 dino de él, e se as carraxes

e as envexas portuguesas  
e gallegas se axuntaren  
para negarlle xusticia  
e glorias; é que hay linaxes  
de tan mal sino, e o seu foino,  
que morren co-a crus que nacen,  
mentres de moitos cativos  
ergue a sorte as foquedades.

¡Que triste é, que a lira miña  
de seco e duro cordaxe  
enriba de aquel mal sino  
do mal soar xunte os males!  
e enriba a designal loita  
que o mal fado quer me cadre,  
cos que a historia portuguesa  
escrebiron sen verdade  
loubando ao Mestre de Avis  
home ambicioso, cobarde,  
mal cristiano, mal fidalgo,  
deshonra da sua edade;  
mais eu podrei contra todos,  
a carantoña arrincarlle  
limpando a mancha que afea  
de aquela historia sen pares  
a gloriosa fidalguía  
que non hay outra que a iguale,  
que a historia de Portugal  
é unha epopeya constante  
sen mais lunar que o de Avis  
e estes séculos finales

de carbonarios e ingleses  
que envenenaron o sangue  
de aquela gran casta nosa,  
que hoxe esquençe canto vale  
e vai pol-o chan ás rasfras  
co-as ás de ouro caudales,  
mentres Don Bastián non torna,  
crus, frono e glorias a darrle. (9)

Xan de Andeiro, o Rico-home,  
tiña na Cruña os solares, (10)  
a mafriz na antiga torre  
de Andeiro, preto de Cambre,  
e no Castro de Asperón  
e os vecíños arrabaldes  
da gran terra brígantíga  
vasallos e propiedades  
con que foy, n-aqueles tempós  
de grandeza, un dos mais grandes  
en craro linaxe, en rendas  
e en poderes señoriales  
a par dos seus bós parentes  
os de Moscoso e de Andrade.

## II

Locen no blasón de Andeiro  
as tres faixas con escaques  
a modo ós Soutomayores,  
tendo á par por principales  
que o diferencian de todos,

torre de tres homenaxes,  
pé da porta doux caldeiros (11)  
e no medio un can rampante  
que gardar somella o pazo,  
emblema de fieldades;  
esto é o primeiro, despois  
figuras acompañantes  
das donas que ali entroncaron,  
piñeiro, lanza, (12) e saen  
por volta do blason todo  
así como alons de anxeles,  
e un casco emprumado enriba  
dos de coiro asomellante,  
que fono de antigos templos,  
xa saberéis, que os Andrade  
como os Andeiro proceden  
dos aborixens reinantes  
e nas letras dos seus nomes  
segue a tradición parlante  
da gran casta brigantina:  
Rey, en galo vello, é Ande. (13)

N-aquelas terras vizosas  
e montesias de Cambre,  
e no fero Orzán, da Cruña  
sempre altivo e resoante,  
foi de neno Xan de Andeiro  
enferrando as suas carnes  
e temperando alma forte  
de terra e mar pra os combates.

Non, como a Rómulo e Remo  
 deulle loba peito e sangue,  
 nen tivo mestre e padriño  
 como Ruxeiro un Atlante. (14)  
 Mais, fillo sen nai que a súa  
 triste morre cando él nace,  
 quedou horfo n-este mundo  
 tan sô con seu pai amante  
 Fernán de Andeiro e da Ponte  
 inda non ano casarse.

Era o pai un cabaleiro  
 hercíleo, mozo, brilante,  
 con tantas forzas nos membros  
 como cencia, e prendas tales,  
 que, á non casarse tan mozo  
 e a compañeira faltarlle,  
 deixándolle á Xan no berce  
 ¡canto él fixer Diol-o sabe!  
 mais truncouse a sua vida  
 dempois de fazañas grandes  
 nas guerras de Alfonso oncenio.

Mirou pra o ceo; anoboáronse  
 seus firmes ollos en pranto,  
 pediolle á Dios, que os ampare  
 e asuxetóuse á cadea  
 con fé, con amor constante  
 para criar aquel neno  
 e facelo un home grande

cume da casta fidalga  
batida das tempestades.  
Foi seu mestre; o pai e o fillo  
sempre xuntos, sempre amantes  
o grande admirando ao neno,  
e o neno admirando ao grande,  
eran un en dous foy sorte!  
que falla á moitos bos padres,  
que, anque para os fillos vivan  
perden canto asementaren  
se teñen rebelde espíritu  
ou mal enxerto cadrarles.

Non vello, mais abatido  
de tanta contrariedade,  
comprida a misión; xa o fillo  
forte e bon, feito á abastarse;  
pedia descanso o corpo  
do pobre pai; tiña fames  
da compañoira querida  
se Dios seu rogo escoitase,  
que xa vinte anos correran  
de sospirar e rezarlle.  
Sentiose morrer, sereo  
chamou á Xan; dille: «cásate»  
que antes de irme de esta vida  
que só me doi por deixarte,  
quero asegurar co-a axuda  
de Dios, o noso linaxe.  
É tolo, ou dexenerado,  
fidalgo que a liña parte

pois o que hasta nos chegou  
mándanos Dios alongarlle.

¿Quén foras tí, se os Andeiro  
por culpa tua acabasen  
ou mala sangue e cativa  
na que temos mesturases?

Eres bon, mais quero velo,  
meu fillo, antes de enterrarme,  
por canto fixen por tí,  
para os ollos me fechares,  
quero verte de xionllos  
co-a dona dina, e levardes  
miña bendición; con ela  
virá a de Dios, que vos garde.

Casouse Xan obedente  
c-unha roxiña de Andrade,  
que xa dende nenos viñan  
sempre ledos de atoparse,  
e foi de festa pra todos  
na torre de Andeiro o lance  
nos salons o señorío  
e en folías todo Cambre.

A pouco morreu cal santo  
o bon señor; para o viaxe  
c-os ollos indo de un Cristo  
para os fillos, e quedándose  
co-as mans de eles entre as súas  
pidindolles non chorasen

pois iba pé da sua dona  
para no ceo agardarilles.

A congoxa de estes fillos  
séntese mais que se fale,  
cando viron aquel corpo  
da tomba do seu linaxen  
no fondo, en Santa María, (15)  
pousar para que descanse.  
Mais jou triste Xan de Andeiro!  
que un dôr sobre outro lle cae  
anque non no mesmo berce  
senón rapáz enredante,  
logo tamén atopóuse  
como aquel seu triste padre,  
con Xaniño, un lindo neno,  
por Dios a dona levarlle,  
moza, formosa, querida,  
entre bagóas de sangre.

Seguió co-a crus sobre as costas.  
Tras de algúis anos pasaren  
despois de moitas defensas  
por ser tentación constante  
para moitas casadeiras  
as riquezas, a bondade,  
a fermosura, e o bon siso  
de aquel fidalgo arrogante  
de Andeiro, que era de pedra  
mesmo que o fora seu padre;  
mais unha Alcina traidora (16)  
formosa como intrigante

fixose amar de Xaniño  
e por él rindeuse o padre.  
¡Nunca o triste, tal fixera  
pois logo veu a verdade!

Doña Mayor escondía  
cal o mel, un mal brevaxe,  
c-unha atractiva figura,  
e a virtú da honestidade,  
dobreces de casta douda  
que é castigo donde cae.  
Con pacencia correxila  
procura o fidalgo; ¡en valde!

---

Non vendo a vida posible;  
Andeiro, resolto e grande,  
metéu un día a Xaniño,  
non con seu tío de Andrade  
por andar con Don Enrique, (17)  
co-o de Altamira de paxe  
donde adeprenda a escudeiro,  
e a espora poña mais tarde.

Asoprou brioso o corno, (18)  
axuntóu o vasallaxe  
e co-o pendón e os caldeiros,  
da forte mesnada diante,  
rico, podente, locido,  
e o demo no peito, arranque  
tomou de trote a Castela  
xunto ao Rey Don Pedro, á darlle

vida e facenda; comprindo  
ley de concencia e linaxe.

Mentres as vizosas prumas  
do casco campan nos aires  
no rostro a baixa viseira  
á cobrir as penas cae.  
Sigueu de Don Pedro a sorte  
¡tantos feitos, tantos males  
de que aquí non fago conta  
porque non quero alongarme;  
fixeron nacer nos peitos  
de aquel Rey e de aquel grande  
tan fidalgos e valentes  
como de sinos fatales  
unha fé, tan mútua e viva  
que ainda era mais, que amistade

É para mí un misterio  
sendo tan bon o de Andrade  
e sendo tan bon Andeiro  
afectos tan singulares  
por Don Enrique e Don Pedro,  
un, ou os dous, criminales  
según a verdâ dos feitos,  
que aos ollos de eles pasaren,  
Fíos pouco de cronistas  
sendo corrente adulasen  
as reinantes dinastías,  
co-o pé sobre das que caen.

Morto Don Pedro en Montiel,  
 quixo Andeiro expatriarse  
 e negando á Don Enrique,  
 novo Rey, pleito homenaxe,  
 formou parciales e amigos  
 que á mesnada se axuntaren,  
 enloitó pendóns e ferros,  
 e cal negra tempestade  
 que anque vai preña en centelas  
 mentres Dios non quer non caen,  
 rompeu por entre o enemigo  
 e a Portugal foi pousarse.  
 N-é rexicida un fidalgo,  
 mais con traidores non cabe!

De Portugal tomou rumbo  
 ás Galicias insulares  
 donde Breogán deixou fillos,  
 gaita e cirolas... din Gales,  
 e Gales, Galia ou Galicia  
 para míñ o mesmo valen.  
 Goldsmit chámalles Silures, (19)  
 idos de España, e Brigantes;  
 eu ríome cando as ponlas  
 non ven o tronco en que nacen  
 como oindo alguns gallegos  
 que voltos de Buenos Aires,  
 somellan desconocer  
 cousas vellas dos seus lares,  
 cal, vendo un sachô, un decía:  
 ¿Qué estrumento es este padre? (20)

Aló atopábase a filla  
do Rey Don Pedro, e fieldade  
do can rampante de Andeiro  
era que á herdeira chegase,  
e comprir o testamento  
do xusticieiro mandante  
Doña Costanza, casada  
co-o bon Duque de Alencastre.  
Ahí veñen todos, e Andeiro,  
¡Qué valente armada traen!

CANTO III

---

## A Corte de Portugal

---

Sociedá dexenerada  
da noble historia esquenida  
dos seus números descoidada,  
Hay que lle berrar na orella  
erguéndoa con puño forte  
«eres León non ovella».

O Autor.  
*(A Xan de Ouces. 1896).*

I

Era unha cova infernal  
nos tempos que á vela vamos  
a corte de Portugal.

E forza rachar os velos  
pra que alí nos entendamos  
co-os feitos e comprehendelos.

Quen do poeta dudare  
se n-el non cree colla a historia  
que eu propoño careare. (21)

Xa veremos frente á frente  
cronistas pagos, e a gloria  
de un poeta independente.

Vese mellor de á cabalo  
do Pegaso dende o ceo  
o mundo con dominalo,  
que arrastrando pol-o chan  
os que, sen ás á reo  
mestos no barullo van.

Deulle Dios, que os mundos manda:  
mais vista á calquer, que vóa,  
que ao mesmo lince, que anda.

En Don Fernando primeiro  
rey de Portugal, á crúa  
n-aquel século guerreiro  
caíra mal, o formoso  
para aquel tempo non era  
desperto nen fazafioso

Compría ali rey mellor  
de quen Portugal dixerá  
«sabio, grande, lidador».

Tivo as chaves de Castela  
cando, despois de Montiel  
a Cruña, e de par con ela

cidades moitas, abriron  
portas e portos pra él,  
que por rey o recibiron.

Galicia segura vía  
que Andeiro e Castro amparaban  
a sua soberanía

e a de Castela tamén,  
mais cando soupo chegaban  
de Trastamara, que ven,  
forzas bravas a Zamora,  
fuxo ao Porto antes de o ver  
¡ou temido! en que mal hora,

Sendo o trunfante, tal fin!  
jantes debera morrer  
da vergonza de Alcontin! (22)

Mais non era o rey formoso  
home solto no aparello  
do duro arnés belicoso.

Antes sedas e primores  
e armarse frente do espello  
para contendas de amores.

Tiña mais brio e valor  
se no seu posto estuvera  
a reina Doña Leonor,

Que á fermosura sin par  
xuntarlle a sorte quixera  
dotes para gobernar.

Mais Don Fernando o formoso,  
se nas armas non locía  
era bon e xeneroso  
e tan fidalgo e leal,  
que en tempos de paz sería  
un gran ben en Portugal.

A reina Doña Leonor,  
a divorciada de Acuña (23),  
con quen casou por amor,  
que aos doux formosos xuntaba  
e mais frecha n-ela puña  
pol-a alteza do que amaba,  
era muy posto en razón,  
dada a humanidade fraca  
tiver mais, que él, ambición.

«Eilo váe, eilo vem»  
decían dando à matraca  
«de Lisboa a Santarém» (24)

E aquel bon home, en verdade  
enfermo e deble quería  
amor e tranquilidade,  
en tanto que de arredor  
rastrarse as cobras oía  
d-él, de Beatrís e Leonor,  
o Mestre de Avís, Don Xuan,  
hirman do rey, cara ao Norte  
como as agullas do imán,

da cróa, que ambicionaba,  
morto aquel, de calquer sorte,  
de impaciente toleaba, (25)

Dous anos antes casara  
co-a hirmán da reína, María,  
que de Sousa enviudara,  
formosa e boa muller,  
que só amor lle merecía,  
mais impedía o que él quer.

Casar con Doña Beatrís  
filla do rey Don Fernando  
quería o Mestre de Avís.

Niño de cobras o peito,  
e de quen era fiando  
a impunidade do feito,  
finxeuse o infame celoso  
de unha honra non ferida,  
e, por man propia alevoso  
doulle en Coimbra á coitada  
dura morte inmerecida  
de traidora puñalada.

Como os homes criminales  
confia, sin concencia fan  
de ser, os que a teñen, tales,  
ainda o cadáver non frío  
pide da sobriña a man;  
mais cando aos reyes oíó

a desabrida resposta  
con voz dura, e dura cara  
para o castigo disposta.

«Que a sobriña a pretender  
non tanta presa tomara  
como a matar á muller».

Despeitado, atemorido,  
verdugos ou dagas vendo,  
sal da corte e vai fuxido,  
cal do criminal é sorte  
ir pol-as sombras temendo  
recebila quen dou morte.

Hirmán de Doña María  
era o conde de Barcelos  
como era a reina; él fuxía,  
detrás os pasos sentindo,  
que os vengadores crée velos  
cada ves mais preto vindo,  
o que é estranho e cousa dura,  
que o pobo de Portugal  
n-esta infame criatura,  
sen pinga de sangue bóa,  
non sendo tal para cal,  
quixerá ver posta a crúa,  
¡o pobol ja Arraya miudal! (26)  
sempre de vermes formento,  
de baixas pasions axuda!

dende Moisés, hasta nos  
non tivo mais pensamento,  
. que a soberbia contra Dios!

Ela amparaba a Don Xuan,  
que ainda mais amparo vía  
no Rey, por ser seu hirmán,

e nos queixosos da corte  
para quen o sol nacía  
do Rey co-a espreitada morfe.

As envellas e ambición  
sempre do brazo hemos ver  
da calumnia e da fraición,

por serllles necesidade  
seu rostro feo esconder  
tras de finxiña verdade;

e os aires empezofíados  
pol-as feras pestilentes,  
que respiran descoídados

arrodean a Leonor  
e a Don Fernando, inocentes,  
dinos de un tempo mellor,

e do heróico Portugal  
como enroscada serpente  
que afoga un peito leal  
esas mesmas feras son  
cadea, que apreixa a mente  
e adormenta o corazón.

Mais, arriándose vexo  
como gaivotas pousadas  
as brancas velas no Texo: (27)

sinto as cadeas rolar  
e as áncoras cân pesadas  
facendo as augas brincar.

Dos barcos e da cidade  
mestúrase no aire blando  
alegre sonoridade:

Das músicas o alborozo,  
das campanas repicando  
e dos curiosos o gozo,

os hurras dos mariñeiros,  
formados sobre o cruzame  
dereitos como piñeiro.

¡Era de ver, e de oír!  
¡a pruma non farta a fame  
de podelo describir!

## II

¡Loita cortés a porfía,  
do inglés e do lusitán;  
pompa real n'este día,  
que Lisboa recibía  
amigos que ben lle trân!

De Cambridge os condes son,  
e un neto do rey de Albión,  
ven de Castela a heredeira,  
e co-eles cobre a ribeira  
do séquito a confusión.

Do vivo sol c-os refrelos,  
armas, xoyas, recamadas  
vestes ricas, axitadas  
véñense lostregar de lexos,  
somella un conto de fadas.

Condes, damas, cabaleiros,  
e cortesáns, e escudeiros  
e paxes, no seu lugar  
véñense pondo lixeiros  
para na cidade entrar.

Todo é luxo, bizarría,  
comprido, galantería,  
por ser da moda os extremos  
no tempo en que privar vemos  
a xentil cabaleiría. (28)

Os reyes de Portugal  
atópanse en Santarém,  
mais, de sobra a corte tén  
grandeza e ceremonial  
para a grandeza, que ven,  
e n-aquel rey dos mosteiros  
Santo Domingo, famoso,  
dá hospedaxe aos viaxeiros

¡Qué o louben os estranxeiros,  
propio, abondante e luxoso!

Guardia e pendóns se presentan;  
os condes, e o neno, en andas  
con Doña Constanza asentan;  
no medio os lores se ostentan  
e a corte fai duas bandas.

Con grave solemnidade  
ven andando a procesión  
atravesando a cidade.  
De tesura e gravedade  
¿Quén, como os fillos de Albión?

Con movemento e soltura  
como bon cor e figura,  
e mais poder no mirar  
mais nervo e menos gordura  
¡Canto os ingleses ganar!

Camiña airoso e galante  
de Doña Constanza ao pé  
un gran señor arrogante,  
que, rostro, andar e talante,  
acusán que inglés non é.

Leva un casco sin viseira  
nin airón, croa cerqueira,  
roxo manto, que ergue a espada  
pol-a esquerda man cargada,  
e a destra â falar en xeira.

Rosto grave e varonil,  
pálida cór, alta frente;  
mirar fondo, e moy firente;  
din elas ao ver «xentil»  
e din eles «un valente».

Mais sen ver do cabaleiro  
outras virtudes, que ten;  
sabio, cortesán, guerreiro  
o Rico-home Xan de Andeiro  
non tivo par en ninguén.

De seu pai a educación,  
as desgracias do seu lar,  
con Don Pedro guerrear,  
nas cortes a alta misión  
moito fono en que estudiar.

Así; non é vanidade,  
que co-a cencia mal se avén  
aqueila seguridade  
que en si mesmo, con verdade  
ven todos que Andeiro tén.

Seus verdes ollos escuros  
cor de agua baixo salgueiros,  
sempre firmes, nunca duros,  
din donas e cabaleiros  
ven das almas os seguros.

É sino de este varón  
que amor lle tomen os bos,  
envexas os que o non son;

¡señor de Andeiro e Asperón,  
gárdete en Lisboa Dios!

A pouco; de Santarém  
Don Fernando co-a raiña  
e sua filla a infantiña,  
pousa en Lisboa tamén  
como a todos lles conviña.

Mandan os reis aos chegados,  
de sedas, ricos tecidos  
de ouro e alxofares bordados  
e copos enriquecidos,  
de arte morisca labrados. (29)

Din aquí, meus bos lectores,  
os sabios historiadores,  
que comenzaron as festas,  
mais, de como foron estas  
nín J eses bos señores.

E foi falta criminal  
cando en costumes se toca  
e un caso tan principal,  
que a historia cerrase a boca,  
que outras veces abre mal.

Eu ... das festas vos diría ...  
mais calo por un empeño  
que de axustar contas teño  
con esa xente algún dia.  
¡Caidos; n-é fidalguia!

Hora de mais, se antes menos,  
con tanta cór, que se vé  
pintannos dos doux pequenos  
Eduardo e Beatris, tan nenos,  
os esponsáes na Sé:

As duas creanzas n-un leito,  
roupas e colcha bordadas  
e n-ela, de alxofres feito  
dos noivos o propio xeito  
c-as figuras acostadas.

Ainda mais que ostentación  
era un parlante blasón  
aqueil bulto lisonxeiro  
do pensamento de Andeiro,  
«a Santa ibérica unión».

E a semente non secou  
que a mesma colcha con ela  
a infanta Beatris levou  
cando mais tarde casou  
con Don Xuan, Rey de Castela.

Páromé aquí; Don Fernando  
chegou á corte; eu falaba  
da corte e d-él; non sei cando  
mais recordo vos contaba  
que o viña a morte minando.

Que aquel bon home quería  
amor e tranquilidade,

que do porvir se temía  
e en toda a corte non vía  
fidalguía, nin verdade.

Deixou a senda à muller  
que, por él e por Beatrís  
era a chamada a detér  
dos bandos, e do de Avis  
as revoltas de temer. (30)

Chega Andeiro; o rey leal  
que tanto ben lle debía,  
vendo axuntar home tal,  
a grandeza, que compría  
para erguer a Portugal;

xusto, bon, agradecido  
de aquel home, xa querido,  
o primeiro nas espadas  
cal primeiro en embaixadas;  
en paz e en guerra comprido.

Dalle o condado de Ourém,  
ainda mais, que por premialo  
pois él ambición non tén  
para na corte fixálo  
como a Portugal convén

e o gran mestrazgo da Orden  
de Cristo, con que envellosos,  
pequenos ou poderosos,  
xa crían rabia, e xa morden  
os cortesáns e ambiciosos.

Ferve a pezoña maligna  
 contra aquel alto varón  
 da gran raza brigantina,  
 que leva misión divina,  
 que é para o que eles non son.

Dalle amparo Don Fernando,  
 que a morte ve, e só n-el fia  
 con Doña Leonor tremendo  
 pra a rexencia ir amparando  
 de Beatris, que chega o día.

Mais o alevoso Don Xuan  
 Mestre de Avis, que tolea  
 pol-a coroa do hirmán,  
 dereita, ou torta, é que idea  
 artes, que os demos lle trân:  
 é xa enemigo primeiro;  
 logo os Tellos, por rencor  
 sendo hirmáns de Leonor  
 por darlle o condado a Andeiro  
 do seu morto hirmán mayor.

Outro enemigo, por medo,  
 valido de Don Fernando,  
 que mira o seu sol baixando,  
 Gonzal Vázquez de Acevedo  
 vai das cóbregas ao bando:  
 a corte; enemiga igoal,  
 a Arraya miuda, tamén,  
 todol-os cativos tén

de un cativo Portugal  
en contra o conde de Ourém.

¡Ay! canto tes que loitar,  
bon Andeiro, e que sofrir  
desque deixando teu lar  
vas pol-o mundo a rolar  
porque n-el n-era vivir.

¡Fermosa torre de Andeiro,  
bos vasallos do rueiro,  
altos pinos de Asperón  
¡sempre só, no mundo enteiro  
cal vos chora o corazón!

¡Abós, pai, roxa querida,  
que, para Dios escollida,  
eras demais para mí,  
¡Xaniño da miña vida,  
nunca de vos me esquencín!

Así, as esporas soando  
longos pasos firme dando  
na soedâ de un salón  
iba Andeiro valeirando  
de bágoas o corazón.

E do pobo alborozado  
do baile e viño escitado  
sobe da praza o romor  
e algún brado destemprado  
de un borracho ou bailador.

mentres ve Andeiro pasar  
desque pode recordar  
dende neno, día a día,  
canto feliz esquencia  
no seu sospirado lar.

¡Ou memorial! ¿Eres tormento  
ou eres consolo, ti,  
cando triste o pensamento  
remexe as follas ao vento  
que xa non viven aquí?

## CANTO IV

### A Reina Doña Leonor Téllez e o Conde de Ourém

Nin con pruma, nin con feito  
á patria e fillos deixar  
cousa que non erga o peito  
para Dios, e patria e lar.  
N-é bon ter no último leito  
de Dante as feras de par.

O Autor,

(1920).

#### I

Descansa á corte en Evora do Monte,  
sobre os chans, onte mouros do Alentexo  
a donde unha ilusión traíme un refrexo  
do sol de Ourique, do heroísmo fonte;  
donde de Alfonso Enríquez alta vexo  
a homérica figura, como ponte  
que axuntar sobre un río opostas terras  
e él reinos varios en valentes guerras.

¡Ou! grande Alfonso de quen leva sangue (31)  
 noso Andeiro por Traba e por Andrade,  
 que o cego pobo portugués no abrangue,  
 ¿Por que, da tua frente a maxestade  
 mentres o puño forte a espada mangue  
 tí, que moras no mundo da verdade.  
 non ergues e lles berrás, lusos fervos,  
 «Andeiro ven tras míñ para crecervos».

«Eu, de condado á reino erguín podente  
 co-a miña espada a lusa fidalguía,  
 e ese Andeiro, que odiades, tan valente,  
 escravos da miseria, que vos guía,  
 quer tal cróa poñer na vosa frente,  
 que, nin román imperio a tivo un día,  
 quer, que a bandeira hispana-portuguesa  
 sexa manto do mundo, en gloria acesa».

Era inda vran; a tarde calurosa;  
 pol-a aberta xanela, arrecendente  
 ven dos froridos campos xenerosa,  
 e dos piñeiros, a onda mansamente  
 a refrescar a cámara luxosa  
 do retiro real; o sol cadente.  
 Don Fernando co-a reina está sentado  
 e Andeiro ao pé dos dous, no mesmo estrado.

¡Canto o poder de Dios, a fermosura,  
 a nobreza de aquela gran figura  
 de Leonor, que un anxo asemellaba,  
 e dos dous cabaleiros nos pintaba:

¡ certo é de Dios o home imaxen pura  
celeste sello que a creanza acaba!  
os tres alí conversan sin testigos  
cal amantes hirmáns, cal bos amigos:

Do estado portugués, traición e enveixas  
que a raiña miuda empezoñaron,  
as ambicións da corte, c-as madeixas  
que inda os infantes mesmos entrenzaron;  
os motís de Lisboa, berros, seixas  
que aos fieles da coroa maltrataron,  
cando o pobo chegou a tal rebato  
de tratar de Leonor o asesinato.

A fuxida do rey co-a corte toda,  
da rebelde ciudá para castigo,  
índose a Oporto a celebrar a boda  
mentres ven a vengalo un enemigo; (32)  
a volta á capital en trunfal roda,  
de San Martiño a forca no postigo,  
e o pobo, onte rebelde, hoxe homildado,  
apraude ao Fernán Vázquez aforcado. (33)

De seu hirmán Dinis, a rebeldía,  
de seu hirmán Don Xuan, o traizoeiro,  
tan horfos da debida fidalguía  
de fillos do gran rey, tan cabaleiro;  
mágoas que rôn o peito cada día  
da ingratitudé cô rilar rateiro  
de Fernando e Leonor, tan bos para eles,  
que en troque de amor certo danllas feles.

A nobreza, por bandos dividida,  
 o pobo, polos bandos engañado,  
 as costumes, probando a fé perdida,  
 o valor portugués, adormentado,  
 somella todo xunto atemorida  
 congoxa d'un enfermo atoleado  
 cando os soños da triste criatura  
 que no leito revolto a frebe apura.

No medio estamos nós, virtudes temos  
 e amor a Portugal, terra famosa,  
 e, se Dios axudar con paz, podemos  
 a sorte erguer de patria tan formosa,  
 se preciso é loitar, batallaremos,  
 mais non con Portugal; é sangue nosa,  
 se a traición non impón á monarquía  
 nosa filla salvar e a dinastía,

con ela a unión ibérica, ti, Andeiro  
 toma con puño forte, cando eu morra,  
 este meu testamento derradeiro,  
 esta bandeira santa, e Dios te acorra.  
 De Leonor e Beatris, sé cabaleiro  
 que da carito en si ten, e non se aforra,  
 Eres sabio, leal, sesudo, forte,  
 desque estás par de nos, non temo a morte.

«Eres a par del Rey, conde de Ourém,  
 «grande, e primeiro no consello noso,  
 «e na alteza en que estás tudos te ven  
 «manda así teu estado tanto honroso,

«que o conde no seu pazo tan formoso  
 «viva co-a dona, que en Galicia ten»  
 Tal dixo Don Fernando; ao que decía,  
 Doña Leonor co-a testa lle asentía.

Perdeu a cor Andeiro; baixa a frente  
 e os ollos, que bagullas brilar fan,  
 e erguéndose c-os brazos cara ao chan,  
 estendidas as palmas tristemente:  
 ¿Qué me pedís, meus reis? di con afán,  
 ¿o Inferno? mándebo Dios omnipotente,  
 vos non; mais tanto amor e ben vos debo,  
 que abrivrvos hei canto no peito levo.

E acercándose aos reis, no medio de eles,  
 con voz contida, que o sentir fería,  
 hora latendo en bágoas, ora en feles,  
 que avasalla e se impón a quen lle oía,  
 o gran señor gallego conta a aqueles,  
 toda a historia de dor en que xemía,  
 os ollos del ao fin, secos, briosoas,  
 os de Fernando e Leonor, chorosoas.

Do peito un impensado movemento  
 xunta os brazos dos reis sobre de Andeiro,  
 que abrazaron os dous con sentemento  
 cando oiron da historia o derradeiro.  
 El dá un brazo a cada un, cal xunta o vento  
 follas secas caídas n-un regueiro  
 así aquelas tres almas tan dôridas  
 vense n-un lazo só de amor cinguidas.

Nen os ollos se afartan de mirarse,  
 nen o sangue, n-os nervos de sentirse,  
 n-os corazons consinten separarse,  
 son tres hirmáns; non queren despedirse  
 e unha vez que chegaron a xuntarse  
 fan un os tres nas penas repartirse.  
 Ao dor atemperados, os tres dán  
 os mesmos sons, cal sóa unha campán.

Separouse tristeiro Don Fernando,  
 pasou a man pol-a formosa frente,  
 os tres, de pé, quedáronse mirando,  
 e di baixiño o Rey e docemente:  
 «Sinto, que a morte vénseme acercando,  
 «e sinto, que vos deixo malamente,  
 «vosoutros, defendede a Beatrís  
 «e gardaivos de Xan, e de Dinis.

«Sua Alteza, señor, repuxo Andeiro,  
 «nada sinta, nen tema; sobre todo  
 «está Dios, que goberna o mundo enteiro  
 «e d-él virá para o que é xusto modo.  
 «Por min; en prenda e fé de cabaleiro  
 «mais, que renderme ao que pedis non pudo  
 «Doña Mayor a Ourém virá connigo  
 «e miña vida á vosa causa obrigo».

E así foi; que, de ali ben pouco dinos  
 Fernán López (34) c-os mais historiadores  
 do tempo aquél, que foron tan ladinos  
 para trocar figuras e colores

cal alguns, que en España padecimos  
loubando reis Cains e homes traidores  
para o que se expremeron os sentidos  
en calumniar aos miserios vencidos:

Dinnos, chegou da Cruña a Portugal  
a gran Doña Mayor, muller do conde,  
muller de prol e de bon corpo, a cal  
mandou de Ourém para o castelo, en donde  
instalóuna con pompa señorial,  
sendo esto un plano, din, que non se esconde,  
de Doña Leonor, que así esperaba  
se falar menos de ela, que falaba.

Diz este gran cronista, que a gallega  
era sesuda, e cando â corte ia,  
grandes mercés da raiña recibía  
de xoyas e diñeiro, e logo agrega,  
que o tiña en gran mercé, e así o decía  
por adiante, mais logo, que partía,  
â raiña, que diante tal loubaba,  
por detrás, cal comborza apregoaba.

Non negarei o feito: o historiador  
que molla a pruma en cor de comenencia,  
axeita ben, nas cousas de concencia,  
tal para cal, co-a gran Doña Mayor;  
e n-este punto estaba toda a cencia;  
ser forza victimar a Leonor  
para loubar da crúa ao novo dono  
mais dino de unha forca, que do trono.

Se Fernando o formoso non morrera  
 ni-o grande Andeiro fose asesinado,  
 ni-o gran Mestre de Avis fora creado  
 tal infame calumnia non nacera  
 dos amores da reina c-o privado,  
 enventouse despois; que o xeito era  
 c-un bon manto cobrir, que fica rede,  
 a podre do de Avis. Todo isto fede.

Pillemos o comenzo do novelo;  
 odio mortal do pobo lusitán  
 contra Doña Leonor, sen merecelo:  
 ¿Donde as causas e as probas d-el están?  
 ¿No berce portugués do gran Barcelo?  
 ¿Nos personales bés, que un anxo a fan?  
 ¿Por divorciada ser? Aquí calade.  
 ¡Mal pobo e mal cronista para frade!

Como a serpente aló no Paradiso  
 de Eva na orella asópralle o pecado  
 e á primeira muller revolve o siso  
 cal destonces acó, pobo engañado  
 femias e pedros andan sempre n-iso  
 porque o Demo non dorme; así malvado  
 Diego López, de Inés (35) duro asesino  
 asopra ao pobo o pensamento indino.

¡Perdeu o tempol non mordeu a Arraya  
 o anzó do pescantín; cando volvía  
 xa raiña Leonor con pompa gaya  
 e a arrasada Lisboa a recebia;

acrama a sorte, que en chegar lle traya  
a Arraya alborozada, que apraudía,  
e tamén ver seu ídolo (36) aforcado,  
o sentido común xa recobrado.

Mais tornemos a Evora: ali temos  
follas do libro de esta historia abondo,  
e o dito Fernán López levaremos  
cal ouro en pano do crisol ao fondo  
de donde a verdá pura sacaremos  
tan limpa á crara luz do día a pondo  
que hei mudar o refrán, as cousas vistas,  
«minten mais que os poetas os cronistas».

O refrán, que desprezo, non me importa,  
mais eu, na miña vida, non sofrín  
con mentira atopar, ou cousa torta,  
e púxena dereita ou a rompín.  
Por honra calumniada, viva ou morta,  
cal rayo estala a fidalguía en mí,  
e ha de oirme, que é certa, o mundo enteiro  
a virtude da reina, e o gran Andeiro.

## II

Pouco entenden vilans da cortesía  
dos pazos e dos grandes cabaleiros;  
Fernán López ¡Dios sabe quéén sería!  
de baixa democracia traíme cheiros.  
El pode crêr, eu non, na groseiría

de frase de un fidalgo dos primeiros  
para estimar da reina medio veo  
que a seu hirmán e a él lles reparteo.

Cóntao así Fernán; que moíto suados  
â cámara chegaron da raiña  
nun día de gran calma, sofocados  
da canícula ardente; y ela, axiña  
partindo o veo en dous, que posto tiña,  
para abanarse deullo aos agraciados.  
Nada comenta da bondá galante  
o cronista; o ferrete pica adiante.

Don Gonzalo saío, quedouse Andeiro  
e unha dama de honor; mellor, de espía,  
diz veu axoelado ao cabaleiro,  
e surprendeou, que â reina lle decía:  
«Mais me fora este pano feiticeiro  
se mais chegado a voss» c-a reina ría.  
A dama: Inés Alfonso, seu marido  
era Gonzalo Vázquez; o valido.

E aquí comenza de esta intriga o lío  
entre Inés, seu marido, un tal Abreu  
e Don Xuan o de Avis que ten o fío:  
mais isto todo a remexerse veu  
con que outra mas traición se descubrío,  
e presos no castelo co-eles déu: (37)  
o conto era infamar a Beatris  
para que o trono fora do de Avis.

Homildáronse os presos; perdonados  
 citáronos os reyes para a Sede,  
 e a sair de ela, ás portas achegados  
 por dar satisfacción aos calumniados,  
 entrada a reina n-unhas andas vede,  
 que Andeiro a pé camiña n-un dos lados  
 e que falando van con cortesía,  
 frente seréa e grande fidalgúia.

A infanta Beatrís sobe a unha mula,  
 que seu tío Don Xuan da rédea leva,  
 e tanto amor agora lle simula  
 cal s-en ver á sobriña a vida beba;  
 á raiña, a Beatrís, a Andeiro adula,  
 os seus traidores seguen, de restreba,  
 e Fernán López, que isto mesmo asenta  
 como ao fin reinou Xan, non o comenta.

Inda dí, que Don Xuan, que conocía  
 de Leonor a perfidia, se temía  
 cando a xantar se viron convidados,  
 e por medo de ser envenenados  
 todos finxen comer, ningún comía,  
 ¡Locido hístoriador! bos historiados!  
 ¡Fóstrega para vos! que o mundo enteiro  
 vos torne, cristiano e cabaleiro.

Chega o real xantar, López descrebe  
 sala e demais c-os costumados cores  
 de quen atende mais, que ao que se debe  
 ao que serve a seu bando de traidores.

Tomarei, sen luxarme, do que escrebe  
o perciso á verdá, que os resplandores  
que vexo escintilar de un gran rubín  
dan mais lus, que o cronista, para mí.

Do bon rey Don Fernando era sabida  
a ben cercana morte; o testamento,  
que á raiña y Andeiro dixo en vida,  
no seu arquivo garda o sentemento  
da que vai ser viuda tan querida,  
e do conde de Ourém o pensamento.  
Eles son albaceas do Formoso  
no medio de aquél caos tempestoso.

A crúa a toda forza quer Don Xuan;  
casando con Beatrís co-ela viría,  
casando con Leonor igoal sería,  
anque el asesinou a sua hirmán  
para quedar viudo; e chega o día  
que os froitos verdes madurando van,  
toda esta diplomacia era, escondida  
de aquél xantar a froita preferida.

Falouse do porvir de Portugal,  
da horfandá de Beatrís, de Leonor,  
do preciso de un home de valor  
poder e autoridade tan cabal,  
que abondo fose para freo pôr,  
das raiñas en ben a calquer mal.  
¿Quén do Mestre de Avis, Don Xuan, infante,  
en terra portuguesa porse diante?

De Doña Leonor os ollos graves  
dixéronlle a mirar «falso asesino  
«¿da miña hirmán, que foi? Ti ben o sabes;  
«sangue dos Telles derramache indino;  
«e non de tanta impunidá te gabes  
«se os fios da xusticia non caino  
«inda poden caer» e maxestosa  
virou para outro lado a frente hermosa.

«Toma Xan» dille a Andeiro, e do seu dedo  
saca o rubín enorme, chispeante,  
en que Avis ve refrechos, posto en medo,  
do sangue, que os seus soños lle tran diante,  
c-o amargor da concencia tanto acedo.  
«No-o tomarei, señora», protestante  
Andeiro lle reprica; o ruído para  
e oírase unha mosca, que voara.

«¿Por qué?» preguntou ela. Por temer  
que de ambos digan, respondeu aquél.  
«Que diga cada un o que quixer,  
«e toma o que te dou» iba no anel  
o sino da rexencia, do poder  
e tamén o da morte vai con él.  
Andeiro con firmeza e gravedade,  
tomando o anel, aceta a autoridade.

Cal onda reposada baña a área,  
de arredor dos calados alevosos  
tende a mirada Andeiro, muy seréa  
mais que lles fai sentir neve nos osos,

uns ven a alma escollida, que alumea,  
 outros, os membros áxiles, briosos,  
 de aquela poderosa criatura  
 con quen ven, que loitar será locura.

Nimbo de medo asombra os conxurados,  
 todos baixan os ollos ante Andeiro,  
 os do infante inda están mais abaixados,  
 e ao ver o brigantino cabaleiro  
 tan sobre eles, tan firme, tan enteiro,  
 e eles tan encollidos e acoitados,  
 as almas ben se miden, vense os peitos,  
 saen aos rostros de cada un os feitos. (38)

Queda n-esto viudo o Rey Don Xuan  
 de Castela, e no ibérico nacente  
 surxe da unión o sol resplandecente  
 de rayos, que aos dous reinos vida trân.  
 Os reis de Portugal con crara mente  
 a Andeiro de embaixada a España ir fan  
 e este c-o rey concerta de Castela  
 as bodas de ouro con Beatrís sinxela.

¡Ingratos portugueses! Mal fadados,  
 cegos dos ollos, de pensar sin tino,  
 que aos pes do gran Andeiro axoelados  
 cair debestes, e por torto sino  
 os de Don Xuan vicastês arrastrados.  
 ¿Qué fixestês da vosa fidalguía?  
 ¿Cando da contrición vos ven o día?

Como sóe n-un corpo decadente  
que a consumpción acaba sin doores,  
do bon Rey Don Fernando crece a mente,  
de luz que morre vívidos fulgores;  
a Leonor e Andeiro, cal vidente  
di do porvir os términos mellores,  
e a Salvaterra, Ourém, dos Magos, vai  
donde os contratos con Castela fai. (39)

Era o Abril, do ano mil trescentos  
ochenta e dous, e n-esta primaveira  
cal en terra abonada bos fermentos  
que han de ser vida da xentil roseira,  
quedan do bon Andeiro os pensamentos  
nos contratos, que asentan lisonxeira  
a unión dos dous estados, a grandeza  
da santa unión hispano-portuguesa.

Foi pronto a boda, a entrega ¡Quén viría  
de tantos cabaleiros e prelados  
as galas, ouros, pompas, bizarrias  
dos dous fidalgos pobos mesturados  
que de Elvas no arrayal o sol fería,  
se ao sol un vidro só ponños cegados.  
Non gusto describir; quede este oso  
a Fernán López tanto minucioso. (40)

N-estas festas e alardes foi Andeiro  
pol-o rey Don Fernando nomeado  
mayordomo mayor, e cabaleiro  
de acompañar á reina e darlle lado.

¿De qué senón valérase o tristeiro  
mais que do fiel amigo tan probado?  
e o mesmo Fernán López dí: «maos sinos  
defendénoo de moitos asesinos».

Asesinos pagados, que as esperas  
facían ao valente brigantino  
que Dios quixo librar das falsas feras,  
ou vêndoo espada en man, elas fuxino.  
¡Suban da fama ás máxicas esferas  
canallas e cronista peregrino  
da conxura traidora, o Xan Infante,  
Gonzal Vázquez, Abreu, Tello almirante!

Inda o gran héroe portugués finchado,  
Nuño Alvarez Pereira, (41) mesturado  
n-estes contos anduvo. Espada tendo  
aqueles cabaleiros, non comprendo  
que aquel que de eles for mais arriscado  
(e no mesmo Fernán estóuno lendo)  
non invitase a leal combate a Andeiro:  
tanto medo lles puña o cabaleiro.

¡Nobre espora dos bravos portugueses,  
no século da gran cabaleiría,  
de esta dura vergonza ¿qué diría  
voso Camoens, que non enroxeceses?  
Quixerá ser o morto vinte veces  
antes que o Rey Don Xuan sin fidalguía.  
E ti, gran Portugal, fidalgo e bon,  
arrinca do teu peito ese baldón.

Mira, querido hirmán, mira e medita,  
 do teu Rey Don Fernando bondadoso  
 agonizante, o rostro tan formoso  
 en que un alma tan bóa lese escrita;  
 ainda mozo, querido e poderoso  
 ¡Qué cedo ven a morte, que o visital  
 ¡Canto él perde en morrer! tí, pobo, chora,  
 perdes con él de tempos bós a aurora. (42)

¡E inda di Fernán López, que a agonía  
 «foi a de un criminoso, que ten medo»  
 ¡Infame historiador! ¿onde el vería  
 de aquel bon rey un crime? Peito acedo  
 de pezoyas e feles, que vendía  
 a pruma e a concencia de penedol  
 ¿Criminoso? Don Xuan, que o trono rouba.  
 ¿Criminoso? O cronista que inda o louba.

Por fin, na triste noite, e triste outono  
 do vinterous de outubre, ano sangrento  
 mil trescentos ochenta e tres, ao sono  
 derradeiro de un mundo de tormento  
 rende o corpo Fernando, e a Dios, seu dono  
 a alma libre, mais lá do firmamento,  
 oyeuselle un sospiro «lusitans,  
 «Leonor, Beatris, Andeiro, sede hirmáns».

## CANTO V

### A morte n-un rubín

No mar da sua vida tempestoso  
non se quere afogar, na loita ruda  
téndelle a man, Dios noso! tí que o ves.  
Por tolos ou malvados, caso odioso,  
os que Ila deben dar néganlle axuda  
Inda lle tiran dos cansados pés.

O Autor.

(1921).

#### I

Da triste noite no seguinte día  
o corpo de *Eilovae*, non xa; *ven* (43)  
n-unhas andas conducen responsando,  
os frades, de Lisboa a Santarém.

Pouca xente acompaña o corpo frío,  
que a nobreza, c-o pobo e cortesáns  
mais no destrono de Beatris cavilan  
e desfacer a unión c-os casteláns

con Castela tratouse en Salvaterra  
ser rexente Leonor, ou quen dixer  
no testamento seu, ela morrendo,  
mentres varón mayor Beatrís non ter.

O anél lle dou Doña Leonor a Andeiro  
e craro escinlela o que vai vir.  
¿Portugal con España? Antes mil mortes,  
afiar os coitelos e ferir.

De San Martiño á par no misterioso  
Pazo do Limoeiro, (44) o seu door  
vai esconder a pomba solitaria,  
a rexente viuda Leonor.

Soyo báguillas tén; o amante esposo,  
baixo a terra de paz de Santarém,  
a filla, lonxe, o fel Andeiro, lonxe;  
unha chora en Castela, outro en Ourém.

A morte do seu rey, amigo e amparo,  
o noble conde, corazón leal,  
despois de acompañar o triste corpo  
no seu viaxe a Santarém final;  
o corazón lle queda co-a viuda,  
mais a calumnia arredalle de ali:  
vira a rédea, e de Ourém no seu castelo  
asenta; e triste «fago ben» se di.

¡Cativo mundo, de pezoyas cheo,  
paradiso dos maos, carcer dos bos.  
¿Qué importa ben obrar? Perdido tempo  
se fora para tí, mais é por Dios!

Era amparo de Andeiro o rey difunto;  
da reina a fidalguía o fai fuxir,  
mais tamén lle é querida; e ten deberes  
que o brigantino bravo ha de comprir.

Ben sabe, que do infante os asesinos  
na sombra velan, o coitelo en man,  
que en canto come e bebe a morte cabe  
que os chans se minan e as paredes can.

Mais tén fé no seu ánxel da compañía  
e na axuda que Dios lle sempre deu,  
seu valor indomabre non fraquea,  
e para o ceo mirando, sonrieu.

Recorda cando á morte de Don Pedro  
prenderon os de Enrique no real  
ao bon Castro (45) e con él non se atrevendo,  
paso lle abrino, e véuse a Portugal,

Recorda guerras, loitas e feridas,  
perigos mil, que a sorte lle parou...  
¿Qué importan estes mais? Ser traizoeiros.  
¿E qué, se axuda tén de quen lla dou?

Porque probado ve na sua vida  
o amparo que a seu corpo lle Dios dar;  
cal se sostera fortaleza tanta  
pra os sofrementos da alma conlevar.

!Ay! que da triste fada dos Andeiro  
inda a leda sorrisa ningúen veo,  
je todos bos! pero este mundo é certo,  
lugar de penitencia, antes do céo.

A fada non a ven os brigantinos,  
pero conta que a haber a tradición;  
se for da casa, pousará na torre,  
se for da casta, onde os Andeiro son.

Asubiando o vento nas almeas  
da torre solitaria xeme así  
de arredor de tan fría soedade,  
cal se chamara aos que faltar de ali.

Odio traidor, soberva ingratitudine,  
envexa suando fel de cote foi  
dos Andeiros valentes e bondosos  
a triste corte, que ao linaxe doi.

¿E ás raposas malinas non ouseas  
dende o escudo de pedra meu fel can?  
di o conde, que en Ourém ten soedades  
do berce, e diante os ollos pon a man.

¡Ay, Dios! cavila o triste pensamento.  
¿E que mais dá este mundo aquí que ali  
se como avelaiña a luz buscando  
vai con nos o destiño, e nos a tí?

Por miña triste sorte, a paz querendo  
ou morte honrosa, do meu lar fuxín;  
por patria e lar, e por meu fillo choro  
e o mal de que fuxía ven tras mí.

¿Qué me importan honores nin corôas?  
¿Qué me importa rexer a Portugal  
senón comprar a fé de cabaleiro  
que a Don Fernando lle empeñei leal?

¿Senón levar a porto a santa idea  
que doux reinos de Iberia n-un xuntar?  
¡Vefian penas, traballos, asesinos:  
se venzo, ben; se morro, a descansar.

E erguéndose arrogante, cal crecendo,  
a cada paso, que con forza dá,  
enche o salón de Ourém o nobre conde  
resoando as esporas na soedá.

Fende os aires o son de unha trombeta,  
séntense armas nos patios, xente andar,  
as cadéas da ponte levadiza,  
o rastrelo caindo resoar.

Párase o conde, mira; un mensaxeiro  
de loito e armado cara o pazo ven;  
prumas de corvo por penacho prende,  
da reina as armas sobre o peito ten.

Anunciárono; adiante, ergue a cortina  
un paxe, pasa, incréñase cortés,  
e unha carta sellada entrega ao conde  
co-as mesmas armas, que levar lle ves.

O conde lee, o mensaxeiro agarda  
para resposta, ou orden recibir,  
a carta é unha real convocatoria  
para ao trintario os grandes asistir.

O trintario; as exequias, que en Lisboa  
a raiña viuda vai facer  
por Don Fernando, co-a mais grande pompa  
o dia, que ser trinta de él morrer.

«¿Qué mandades, señor? Que descansedes  
no meu castelo para lle honra dar»  
«Non mo consente a presa, señor conde,  
das cartas que ainda teño que entregar».

«Un instante non mais para a resposta»  
Escrebe, en cera, co-o rubín sellóu.  
Dalle a carta «Esta é para a raiña»  
Dalle un bolso «Estas doblas, vol-as dou».  
Tomou todo, inclinouse o mensaxeiro,  
o conde, afectuoso «Adios» lle dí.  
Van perdéndose os pasos do que marcha,  
e vai volvendo a soedade alí.

¡Soedade! ¡Ayl! ¿Quén sabe o que ti eres?  
Cal femia trocas, como ceo ou mar,  
eres leda, ou cruel, risoña ou fera,  
alegría, dolor, gozo, penar.

Dixo de ti, que sin o amor, que encanta,  
o sentido poeta Campoamor,  
de un fraude a soedá na hermida espanta  
e a de dous en compañía inda peor.

¡Ay, conde tristel que do lar fuxindo  
donde tiñas de dous a soedá,  
atópase en Ourém, mesmo que estabas  
desque Doña Mayor chegou acá.

¡Qué vida! Xia no apartado leito,  
nas separadas cámaras tamén,  
na mesa, por finxir co-a servidume,  
nos estrados, con cantos van e ven.

Espanta ver o conde co-a condesa  
que de parexa á vista igoales son,  
cal con voz e sorriso esconden finos  
a guerra que lles roe o corazón.

Mozos, garridos, fermosura; todo;  
iguálanse muy ben no que se ve,  
o mal está por dentro, peito e alma,  
él é fidalgo e bon, ela non é.

Enriba da pezoya do seu peito  
os celos da raiña mais lle pôn,  
e xa se ve de Andeiro divorciada,  
que casan eles e no trono son.

Pois esto de divorcios é corrente  
tratándose de grandes, xa non reis,  
en Portugal, España, en outras partes,  
son costumes, que chegan preto a leis.

Por en da Arraya vese a falsedad  
contra casar c-o Rey Doña Leonor,  
que inda o levara a ben, se a non virase  
o infruxo torto de Don Xuan traidor.

De Andeiro pol-o amor nada lle importa,  
mais sí a grandeza que por él lle ven;  
se a perdedo chegase ... era outra cosa;  
... Divorcio e casamento ... non convén.

Eu non me atrevo como Fernán López  
a leer nos corazons, que toca a Dios,  
o que Doña Mayor dentro pensaba,  
letores, non direi, pensádeo vos.

Ademais non son voto, quero ao conde  
e sétame muy mal o aire de Ourém,  
Doña Mayor, peor; nin vela quero  
e dirémoslle «Adiós» se o vedes ben.

Non tivo mais desdicha o brigantino  
que o triste matrimonio desigoal,  
este forceu a sua vida enteira  
íse para Dios lle servel non é mal.

Non é manso, nen deble o cabaleiro,  
mais a culpa foi sua, por non ver;  
él o fixo, él o paga, Dios é xusto  
e a Dios a crus tomada lle ofrecer.

Sorte, que Dios, que apreta e non afoga,  
non quixo fillos der Doña Mayor  
¡Malo fora, que á nai asomellaran,  
abóndalle Xaniño seu amor!

## II

«Non es de sesudos homes  
«nin de infanzones de pró  
«facer denuesto a un fidalgo  
«que es tenudo mas que vos». (46)  
Direivos, cal dixo o Cide  
posto ao frente de un traidor,  
Gonzal Vázquez de Acevedo;  
nin Doña Mayor, nin vos;  
ninguén, o paso me teña  
que a donde ir debo, alí vou.

Nas honras de Don Fernando  
por gratitud, pr-o honor,  
verame toda Lisboa,  
os que queiran e os que non.  
Se Nuño Alvarez Pereira  
tan finchado e lidador,  
o almirante Xan Affonso,  
Alvaro Páes, un, ou dous,  
ou os tres, e se ser poucos,  
con eles ese traidor  
bastardo infante Don Xuan  
queren miña morte, eu vou;  
lanza por lanza ao camiño  
sayan se fidalgos son.  
Xa sei que están conxurados  
e entre eles resolto foi  
darme morte, mais, traidora,  
como cabaleiros, non. (47)  
Algunha frecha da sombra  
de noite me asubiou,  
e non foi unha ves soa  
que escorrentei a traición.

Para arroubar a coroa  
que Don Fernando deixou  
â sua inocente filla,  
e privar a santa unión  
n-un só, dos reinos de España,  
os cativos sin honor  
a miña morte precisan,  
que o seu enemigo son.

¡Miserables! todos xuntos  
contra un cabaleiro só!

Decille, vos, teñan honra,  
e que, eu só e armado vou,  
levo por compañía a lanza,  
meu brazo, meu peito ... je Dios!  
Idevos, Gonzalo Vázquez,  
e gracias pol-a atención.

Paxes, escudeiros, lanzas  
e as cousas que percisou  
para o viaxe a Lisboa  
que pide longo convói  
con bravas mulas de paso  
por se for Doña Mayor  
disposto deixou o conde.

Él, armouse ben, montou  
no cabalo de batalla  
escollido por mellor,  
e salio cara a Lisboa  
tan logo rayaba o sol  
sin escudeiros, sin paxes,  
según a promesa, sóo,  
a paso bon de camiño,  
terciado o forte lanzón  
pendente do arnés o escudo,  
alta a viseira, os airons  
do casco fidalgamente  
bailando do trote ao son.  
O famoso cabaleiro,  
bizarro, resolto e bóo

asomella un dos andantes  
 Amadís, Don Galaor,  
 ou o noso Gran Bernardo.  
 ¡Aló vail ¡que o garde Dios!  
 Sen lle saír enemigos  
 fin do seu viaxe dou.  
 Desarmouse; no trintario  
 tan grandioso cal non dous,  
 ali o veu toda Lisboa  
 «os que queiran, e os que non».

En canto chegou á corte  
 no pazo real atopou  
 abertos pra recibilo  
 da viuda Doña Leonor  
 os brazos, segün refiren  
 os cronistas, certo ou non,  
 porque hay que ver se é un decir,  
 ou se é decir como foi,  
 e tamén o que era propio  
 nas etiquetas de entón.

A intimidade dos reises  
 co-o brigantíño señor,  
 os feitos de parte a parte,  
 comun sentir, peitos bos;  
 canto as lágrimas axuntan  
 n-unha común africión:  
 insultos, crimes e sangue,  
 canto, enemigo, é peor,  
 exprican tendel-os brazos  
 e apretarse os corazóns.

e amarse, que eu non o nego,  
o conde e Doña Leonor,  
antes coido ser preciso;  
mais, feitos carnales, non.

Dimo, a falsozada da historia,  
dimo, quen eran os dous,  
formosas obras maestras  
en alma e corpo, de Dios,  
dimo, que a reina viuda  
só en Andeiro vía amor  
como n-ela Andeiro vía  
tamén agarimo só.

Hay doux amores no mundo  
e do que eu falo é o de Dios,  
nen luxa corpos, nen almas  
nin priva de bendición.

Ao Mestre de Avis, que era  
xefe da conxura atroz,  
nomeou de Riba Guadiana  
fronteiro Doña Leonor.

Tivo que irse de Lisboa,  
mais, de secreto voltou  
a tres leguas de camiño  
finxindo como razón  
que percisaba mais xente  
para defender aló  
a terra do seu coidado;  
e da volta aviso dou  
«para que estivesen prontos».

aos seus da conxuración,  
e tamén, para engañala,  
aviso a Doña Leonor.

Da corte xa fatigada  
e dos públicos afáns  
que martirizan o peito  
cando pide descansar,  
e a frente dos sofrementos  
reservada soedá,  
atopábase a raiña  
na súa cámara en paz.  
Según as crónicas dín  
acompañándoa están  
varias donas, e señores  
da servidume real,  
entre eles seu tío o conde  
de Barcelos, de ela a par;  
preto tamén, axoelado,  
que se o feito fora mal  
seu tío n-o consentira,  
mais era un uso de alá,  
está o conde Xan de Andeiro,  
ela incrínase a escoitar,  
e falan baixo; os testigos,  
que coído lles sobrarán,  
do que falan non se enteran.  
¡Silencio e tranquilidá!

—  
Súpeto, cal forte vento

que en calma de unha serán  
 sorprende, turba, incomoda,  
 espalla follas no ar  
 e funga en tola violencia,  
 das antecámaras tal  
 chega ao retiro seréo  
 destemperado soar  
 de armas, pasos, rebolizo,  
 e voces, que temer fán  
 se en tumulto acodir xentes  
 por un incendio estalar.  
 Da raiña o sobresalto,  
 e de todos, foi igual.

—  
 Armado de todas armas  
 e con vinte homes detrás,  
 tamén armados, sin venia  
 entrou o infante Don Xuan.  
 Ergueuse a reina valente  
 e cantos con ela están,  
 e compondo o seu sembrante,  
 xesto e actitude real.  
 «¿Qué pasa, señor infante?  
 Espricade ¿A que tornas?»  
 «Porque perciso mais xente  
 e vénovolo a rogar».  
 «Está ben; mais non que virdes  
 hasta aquí, tempo de paz,  
 armados como de guerra;  
 eso non é cortesán;

na fina costume inglesa  
vemos ben como se fai»  
«Señora, repuxo o infante:  
fidalgos de Portugal  
para sofrilas na guerra  
irse afacendo na paz».  
Receoso o bon Andeiro  
mandou aos seus irse armar,  
e, procurando á raiña  
debida tranquilidá  
invitou cortés ao infante  
fose con él a xantar.

A raiña despediuños,  
o conde tomouille a man  
e saíndose da cámara,  
c-os vinte armados detrás,  
na vasta sala inmediata  
detuvéronse a falar  
a rentes de unha xanela,  
¡poucas falas en verdá!

O conde tiña un birrete  
de terciopelo galán,  
con prumas, traxe de seda,  
calza abollada, e brilar  
do Gran Mestrazgo de Cristo  
véselle a insignia, que acaí  
sobre aquel peito fidalgo  
tan propio para a levar.  
Caille a espada ao muslo esquierdo

e no dereito o puñal,  
de un cinto de gamo e prata;  
viste de corte e de paz,  
e aquel traxe todo branco  
en corpo tan señorial  
fai unha visión norteña  
como de un héroe de Ossian,  
cal nas furnas brigantinas  
a escuma nos fondos faí  
as ilusions dos que fono,  
que nos finxe a soedá,  
a rayar de unha alborada,  
a morrer de unha serán.  
O infante, xa está sabido  
compreta armadura trai  
como os vinte, que lle siguen;  
Andeiro teno da mán  
e a conversa é do convite  
como en fidalgos acai.

Súpeto, vibra un coitelo  
e puxándoo por detrás  
crávao na nuca do conde  
aquei cobarde Don Xuan.  
Quer Andeiro defenderse  
inda ferido, mais cai,  
e Rui Pereira un estoque  
lle atravesa xa no chan.  
Hombridade portuguesa,  
fidalgua ¿donde vas?

¡Outros mais! ¡Qué cabaleiros!  
Acercáñse con puñás  
mais o infante non lles deixa,  
ordénalles berrear  
pol-as xanelas e as portas,  
según combinado está:  
«Acodide, portugueses (48)  
«que ao Mestre queren matar».

—  
¡Canallas! ¡o puño crispasel,  
¡vilans! ante feito tal,  
ferve o sangue, tiro a pruma,  
e a indinación tal me fai  
caraxe, que, se poidera,  
esmendrellábaos co-as mans  
como a un fato de carneiros  
un lobo bergantián.

## CANTO VI

---

### A maldición de Lisboa

Campa e Mosteiro

---

Se vives, pensa en morrer,  
se morres, pensa en vivir,  
de este mundo limos sair  
para de outro non volver.

O Autor.  
(1921).

#### I

Ainda non asosegada  
do firente atrevemento  
de aquela xente malvada  
atropellar o aposento  
de reina, dona, e muller,  
tres respetos, para ter  
non un respeto, mais cento;  
de novo sobresaltada

doña Leonor se vio  
 cando a discordanza oíó  
 das voces, pasos, tinir  
 das armas, que hasta ela vir  
 da antecámara sanguenta  
 n-aquela escena violenta,  
 que a fai temer e sofrir.  
 Saltou do escabel, e dí  
 «Pronto, ir ver, que pasa ahí  
 «e co-a razón me tornar»

Torna o paxe, ou escudeiro,  
 que non alenta a falar  
 tremoroso e demudado:  
 «Foi o conde Xuan de Andeiro,  
 «señora, di, asesinado»

Tal oír doña Leonor  
 perdeu do rostro a color  
 mesmo que s-o corazón  
 ll-o sangue todo sorbera,  
 bateulle o corpo un tremor,  
 mais, foi pronta a reacción;  
 vira en sí; valente, fera  
 ven da cólera a explosión;  
 «Matáronmo, ben eu sei  
 «porque, mais a Dios prometo,  
 «que taes salvas farei  
 «e unha fogueira ben preto»  
 berraba, «que o vengarei»

«Era o compridor do rey,  
 «vengareino; hei tal facer  
 «cal nunca por estas cousas  
 «fixo no mundo muller».

As xentes que a acompañaban,  
 igual homes, que mulleres,  
 de medo tal se tomaban  
 un gran receio a sentir  
 que todos fono a fuxir  
 e inda as xanelas saltaban. (49)

Da raiña ante o valor  
 tamén se fuxío do pazo  
 co-os seus o infante traidor.  
 Cando o pobo alborotado  
 que él mandara alborotar  
 feroz vé na praza armado,  
 nunha xanella asomado  
 o infante sal á berrar:  
 «Amigos, téndesme aquí»  
 «Vivo estou, gracias a Deus»,  
 e ademirábanse os seus  
 apraudindo velo ali.  
 Baixou c-o Almirante a par,  
 cabalgan, poñense ao frente,  
 e aquel tumulto fervente  
 vai no Rocío a formar. (50)  
 Somella un trunfo román,  
 mais fire e repugna ver

como xuntos ali van  
 aquel infante Don Xuan  
 e o Almirante de Barcelos  
 co-rreos sendo, e xemelos  
 como en dous crímēs están;  
 un, o de María Telles  
 infelis muller do infante  
 e sobriña do Almirante,  
 asesinada por eles (51);  
 outro o de Andeiro, que ahi temos  
 á traición acuchilado.  
 ¡E de par, e en trunfo vemos  
 os dous vilans asesinos,  
 carne de forca, ou dos remos  
 de unha galera mais dinos!

## II

Con Barcelos, o Almirante,  
 da raiña por temor,  
 volveuse a Doña Leonor  
 pedindo perdón o infante.  
 Da sua intención lle xura  
 non ser de ofensa para ela  
 senón que, vivindo Andeiro  
 non tiña a vida segura  
 e o matou por defendela.

A reina escoitou calada  
 triste, altiva, desdeñosa;  
 amostroulles imperiosa

a porta, e sin dirles nada  
voltou a espalda; insistir  
queren o infante e Barcelos  
no perdón; e por finxir,  
ou por asi lles convir,  
ser morto Andeiro por celos:  
«señora, eu con vos casara,  
«e a miña man vos ofrezo».  
Mirouno ela con desprezo  
cal se co-os ollos matara,  
e saliose, altiva e dina;  
eles dous baixando a cara.  
¡Era ela a virtude crara,  
eles a calumnia indinal  
Segue o trunfo popular  
c-os dous criminás ao frente  
c-o eses feitos de doente  
das feras, que se soltar,  
(e as feras me perdonar  
comparalas a tal xente).  
Saquéos, roubos, violenzas,  
avergonzan a Lisboa,  
o pobo pónse a coróa  
das Furias; vivoras trenzas.  
O bô obispo Don Martiño  
morto arrastran polo chan,  
¿qué fixo? Ser castelán.  
¡Corra sangue, corra viño  
e, viva o infante Don Xuan!  
¡Roubar, feride, matade ...

¡Viva a santa libertade  
dos da Arraya, que aquí van!

O corpo de Andeiro estaba  
onde o mataron, tendido,  
cando da reina foi vido,  
que os ollos non lle apartaba,  
a pé dél se axionllóu,  
e, orando os labios tristeiros,  
quitoulle o anél, que bicou;  
e dou orde aos cabaleiros  
que o mandasen enterrar,  
mais non se tivo vagar  
hasta a noite, no veciño  
mosteiro de San Martiño,  
que ser o mellor lugar.

Indinada a reina a ver  
aquei volcán estalando  
que à memoria lle traer  
a boda con Don Fernando,  
irse dispuxo a Alenquer. (52)  
Vé aquel pobo antes amado,  
Lisboa, en que foi nacida,  
tanto odiala continuado,  
tanto mal por ben trocado,  
tanta maldade seguida,  
e, disposta a non volver,  
con canto ten sal de ali,  
chega ás portas de Alenquer,

seu amor ven odio a ser,  
e, cara a Lisboa dí: (53)  
«De fogo de Dios queimada  
«ainda seas, e depois  
«arrasada, e arada á bois,  
«cidá infame e desleigada».

O infante desque marchou,  
inda outra vez casamento  
en Alenquer lle rogou;  
a reina, sóo contestou  
bicando un anél sanguento.

. . . . .

## III

Doña Leonor, a mártir de Lisboa,  
nin mundo, nin tesouros, nin coroa  
pode xa soportar,  
todo a seu xenro dá, rey de Castela,  
de Tordesillas no convento ela  
sepúltase a rezar.

O noso Andeiro bon e desdichado  
mártir da unión de Iberia, aquí enterrado,  
donde nacio ten o panteón.  
C-o o corpo, de Lisboa veuse a viuda,  
o que tiñan roubou a Arraya Miuda,  
lcosas do pobo son!

De Don Fernando, Leonor e Andeiro,  
 almas bóas n-un mundo misereiro  
 eu teño para min,  
 que algunha vez que vin correr estrelas  
 entre aquelas benditas iban elas;  
 dos canallas no-as vin.

Na nosa catedral, Santa María,  
 preto do altar do Cristo, inda hoxe día  
 antiga sepultura podés ver.  
 De un arco na parede rebaixado  
 con un blasón enriba a cada lado,  
 que da iglesia e de Ourém veñen a ser.

Alí debaixo dormen os Andeiros  
 na sua campa ¡pobres cabaleiros!  
 n-este mundo mortal,  
 e ves duas fidalgas esculturas  
 c-os escudos na roupa das figuras  
 na tampa e no pontal.

Da románica iglesia a luz, no escuro  
 caindo do recuncho de aquel muro  
 ¡qué misterio lle dál!  
 ¡Con que fé te axionllas preto de eles!  
 pensas quens fono e rezas por aqueles  
 na sombra e soedá.

Meus queridos hirmáns os brigantinos,  
 volvo a decir o que Murguía dinos;  
 da Cruña o primer fillo dorme ali.

Se o tendes olvidado, é o triste sino,  
que inda morto persegue ao peregrino  
¡Pensade algunha vez ¡Témolo aquí!

A Cruña, 7 Febrero 1921.

## A ANDEIRO

---

Ao pé da sepultura en Santa María do Campo

---

### SONETO

Fidalgo capitán, bon compañeiro  
do triste rey Don Pedro malfadado,  
que antes fixera anacos seu aceiro,  
que rendilo a Caín mal coroad.  
Ti, que deixaches, fiel e cabaleiro  
téu couto señorial, téu eido amado  
pra co-o sangue regar trono estranxeiro  
nos brazos de unha reina asesinado.  
Xan Fernández de Andeiro, alta figura  
de grandeza, de amor, de desventura,  
mártir da Unión de Iberia, a tua lousa,  
que inda a gloria pra ti foi triste cousa,  
¡Que olvidada che estál tan sóo murmura  
teu nome, quen o herdóu, na iglesia escura.

E. MARTELO.

A Coruña, 1894.

**NOTAS**

(1) Castro de Asperón. Asento da Torre de Andeiro, lugar da Torre, parroquia de San Martín de Andeiro, Concello de Cambre; a tres leguas da Cruña.

Este antigo señorío pasou por liña femenina aos descendentes principás da familia, chamados Zuazo Mondragón; con título de Vizcondado de Andeiro, dende o século XVIII poseedores tamén do solar de Andeiro, na Cruña, que reedificaron, chamado «Pazo de Almeiras», por seren tamén Marqueses de Almeiras, rua Estreita de San Andrés, núm. 9. Hoxe edificio da Cooperativa Militar e Civil.

A familia dos Andeiro, dende un principio hasta hoxe, foi veciña da Cruña, donde subsiste a rama primoxénita da primeira división dos mayorazgos, feita en 1846, co-o seu arraigo; habendo desaparecido a rama mais nova, que levara, e vendéu dito Pazo de Almeiras e canto tiña de abo-lengo, sendo agora cubanos.

(2) Véxase a gran proclama na que Wellington presentou aos guerreiros do mundo o exemplo grandioso dos soldados gallegos, na guerra da Independencia contra Napoleón.

(3) Foi escrito a rentes da pérdida de Cuba, mal perdida, e Filipinas, regaladas.

(4) Publicouse na Cruña, 5 Febreiro de 1899. Número 204 da *Revista Gallega*, con un manifesto da Liga Rexional.

(5) Camoens, según os xenealoxistas, descendía dos Caamaños de Andeiro. Esquençouno cando chamou «Sórdidos» aos gallegos no seu poema. Debles saetas que caíron despontadas, como cando foi inxusto con Andeiro, seu ascendente, por loubar aos portugueses e axudar á propia fama. ¡Debilidades!

(6) Fada do Ariosto. *Orlando Furioso*.

(7) MURGUÍA. *Galicia*. Págs. 324, 341, 403, 1.158 e siguientes.

(8) O Infante bastardo Don Xuan, despois rey Xuan I, finxindo celos da sua muller María Teñelles, asesinouna para poder casar con sua sobriña, Doña Beatrís, filla do rey Fernando I, en 28 de Novembre de 1377. *Historia de Portugal*, por Bernardino Piñeiro e outros, tomo II, libro IV, reinado de Don Fernando I, a cal seguimos concenzudamente n-este poema.

(9) O heróico rey Don Sebastián, morto en Mazalquivir en 1578, que esperan os portugueses. Símbolo da cruz e monarquía, que lles tornará a grandeza, e glorias que xa tardan.

(10) Véxase a nota 1.

(11) Caldeiros. Distintivo heráldico dos Ricos-Homes, que en Galicia eran o que en Castela os Grandes de España, e chamábanse señores, ou fidalgos, e condes por cargo; sen haber mais títulos hasta o século XV en Galicia. O escudo descrito e o que ainda tén a Torre de Andeiro, restaurada.

(12) Piñeiro e lanzas. Armas dos Caamaño,

(13) MURGUÍA. *Galicia*. Citando a Costa. Página 1.158 e siguientes.

(14) Ruxeiro, héroe de Ariosto, Atlante de Carne, máxico.—*Orlando Furioso*.

(15) RAMÓN BERNÁRDEZ. *Historia de Santa María del Campo de la Coruña*, pág. 103.

Anque a tradición familiar, e sobre todo o escudo co-as cinco chagas portuguesas, posto sobre a sepultura fai proba de xacer alí o conde de Ourém, algúns dudan que esté alí sepultado cos outros da familia.

Os Zuazo, Marqueses de Almeiras e Vizcondes de Andeiro, e no seu nome os levadores de certas terras, pagaban en Sauta María doce misas rezadas cada ano, según consta hasta 1846 nas partillas da casa; na que entre os sellos antigos inda se conserva un de prata, co-as cinco chagas, como as tén ó de Santa María. ¿Por qué está alí?

(16) Alcina; fada que engañou a Ruxeiro. ARIOSTO. *Orlando Furioso*.

(17) Fernán Pérez de Andrade, o Bóo, foi parcial de Don Enrique, a quen axudou con forzas e moeda, feitos históricos ben conocidos, hasta a sua coronación.

(18) O corno da alarbea dos Andeiros, despois Caamaños de Andeiro, de marfín e prata. Fala dél Vicetto na sua *Historia de Galicia*. Hay outro no pazo de Rianxo, de corno ben grabado, que se atribue ao fundador Almirante Charrino, e tén barcos e cousas do seu tempo.

(19) GOLDSMIT. *Historia de Inglaterra*.

(20) Este conto é tradicional por toda a rodá do antigo señorío do Castelo de Vimianzo, propiedade do autor.

(21) Citada *Historia de Portugal* de que se ocupa a nota 8, que seguimos. Tomo II. Libro IV.

(22) Tratado de paz con Castela, renunciando Don Fernando canto de Galicia tiña e se declarara por él. Feito en Alcoutin. Hist. cit. Nota 8.

(23) Feito ben conocido e común nas Cortes de Europa. Casou con Don Fernando en 1371. Hist. cit. Nota 8.

(24) Hist. cit. A copla quedou de alcume a Don Fernando I.

(25) Era hirmán bastardo como fillo bastardo do rey Don Pedro de Portugal, pai de Don Fernando o Fermoso, cuya filla Doña Beatrís debía sucederlle, como única e lexítima na coroa. Tan lexitima era que ninguén o dudou, e se despois se dixo para lexitimiar a usurpación que fose filla de Andeiro, tan baixa é a mentira, que ainda Andeiro non paraba en Portugal cando ela nacéu, se tiña doce anos cando casou en Abril de 1383, naceira en 1371, o mesmo ano de casar seus pais, que ainda non viñera Andeiro a Portugal. Esta verdade era deber dos historiadores clarexala.

Ademais Don Xoan quixo casar co-a filla, ou co-a nai. Logo, ou non era cabaleiro ou desmentia as calunias contra nai e filla.

(26) Chamábase en Portugal n-aqueles tempos de Don Fernando I, Arraya Miuda (peixe pequeno) ao pobo levantisco, hoxe carbonarios.

(27) Texo. Río Ibérico, que desemboca en Lisboa.

(28) GOLDSMIT. *Historia de Inglaterra*. Fin do reinado de Duarte III, fundador da Orden da Ja-

rretiera, 1340. Trunfador da Franzá, e que erguéu o espíritu das ideas cabaleirescas.

- (29) *Historia de Portugal*, citada.
- (30) Caso igoal de Don Pedro I de Castela.
- (31) Unha filla de Alfonso Enríquez casou con Don Bermudo de Traba, proxenitor dos Andrade.
- (32) Fernán Vazques, era xefe popular da Arraya Miuda, o mais querido, barbeiro en Lisboa. Véxase dita historia de Portugal.
- (33) Os castellanos, que tomaron a Lisboa, na ausencia do Rey Don Fernando I.
- (34) Fernán López, cronista de Don Fernando I. Hist. cit. Véxase nota 8.
- (35) Doña Inés de Castro, madre do infante Don Dinis. *Historia de Portugal*.
- (36) Fernán Vázquez, o mesmo da nota 32.
- (37) Esta traición era de tratos ocultos do infante Don Xuan con Castela, de que fala a historia citada de Portugal.
- (38) Fernán López dí «que estaban afrontados» e tan maldiciente e falso, e, que logo dí, que en Elvas, deu a luz a raiña un fillo varón, que viveu apenas catro días, e se sabía non ser fillo do Rey, mais de Andeiro, pois o Rey pol-a sua doença xa non tiña relacions co-a raiña, e co-a boca pequena decíase que Don Fernando afogara a creanza no colo da ama; mais o certo é que Don Fernando ordenou luto da corte.

Acóllome a rectitú dos letores: a debildade da criatura acusa a paternidade do déble Don Fer-

nando; e o relato a parcialidade do cronista. Véxase dita Historia da nota 8.

(39) En 2 Abril 1382.

(40) Descrebe todo por miudo. Inda as olladas dos castelans a Doña Leonor; e doise non fose ali asesinado Andeiro. Hist. cit. nota 8.

(41) Fillo bastardo de outro bastardo do Prior do Hospital. Chamábanlle o héroe postugués, mais con Andeiro no-o foi.

(42) Asentan os historiadores portugueses, que deixou boa semente a Portugal.

(43) Eilo vae, eilo ven, de Lisboa a Santarem; decía o pobo a Don Fernando I, e quedoulle por alcume.

(44) Non se conoce a fundación e ten moitas lendas, e tivo varios nomes. Véxase Herculano. Arras por foro de España.

(45) Don Fernando de Castro, Conde de Castro, Sárria e Lemos, cuñado de Don Pedro I de Castela, abolengo dos señores do castelo de Vimianzo, hasta estos tempos do século XX.

(46) Do romanceiro do Cide. Gallego puro; pai do castelán.

(47) Estas conxuras indecentes contáns o cronista do Rey Don Fernando I, capítulo 4.<sup>º</sup> da dita historia.

(48) Hist. cit. e crónica de Portugal. Textual.

(49) Refire dita historia que inda fuxiron o escriban da puridade e axundantes.

(50) Paseo de Lisboa,

(51) As crónicas portuguesas, co-a que seguimos, confesan e afean todo isto, mais inda din pe-lo infante «que inda o sol ten manchas» ¡Bon sol!

(52) Vila de Portugal preto de Lisboa.

(53) Cumpleuse a maldición con incendios e terremotos.

---

1860. 1861. 1862. 1863. 1864. 1865. 1866. 1867.

1868. 1869. 1870. 1871. 1872. 1873. 1874. 1875.

1876. 1877. 1878. 1879. 1880. 1881. 1882. 1883.

**ERRATAS PRINCIPÁS**

Página	Líña	Di	Debe decir
7	14	Atla	Atila
7	24	brandeando	brandendo
9	6	c-un	e un
13	8	tenxendo	renxendo
14	22	de	da
16	13	dos	dous
17	18	divos	dinos
27	28	das	dos
32	15	Alcontin	Alcoutin
43	4	senda	renda
56	17	c-a	e a
56	24	mas	mais
69	6	en cera,	encera,
77	23	tornas?»	tornâs?»



## INDICE

---

	Páxinas
<b>Canto I.</b> —No Castro de Asperón....	5
<b>Canto II.</b> —O Rico-home Xan de Andeiro.....	13
<b>Canto III.</b> —A Corte de Portugal....	30
<b>Canto IV.</b> —A reina Doña Leonor Téllez e o conde de Ourém.....	47
<b>Canto V.</b> —A morte n'un rubín.....	64
<b>Canto VI.</b> —A maldición de Lisboa. Campa e Mosteiro.....	81
<b>Soneto</b> —A Andeiro ao pé da sepultura.....	90
<b>Fe de erratas</b> .....	99

---

## INDEX

2	Chano I-A - No Canto no gabinete .....
13	Chano II-O - Noz-nome Xim de
15	Amoroso .....
20	Chano III-A - Canto de Botafogo .....
21	Chano IV-A - Sinos Dous Leones LP
22	Meu o canto da Querida .....
24	Chano V-A - Ponto-a-ponto .....
25	Chano VI-A - Melodias de Floração .....
26	Chano VII-Moderina .....
28	Soneto-A - Vozinha de la la la la .....
29	Amor .....
30	Le os sete .....

## OBRAS DO AUTOR

---

### PUBLICADAS


El Laudemio.  
Os afillados do Demo.  
Líricas Gallegas.  
Manual de los Consejos de Agricultura.  
Landras e Bayas.  
El siglo XIX. Cuatro Verdades.

### PRÓXIMAS A PUBLICARSE

Líricas Gallegas.—Tomo 2.<sup>º</sup>  
Líricas Castellanas.  
Las torres de Aviño.

---





PRECIO: 2 PESETAS.

REAL A  
GA  
A CO

42

Bib

A black and white photograph of a person's face, heavily pixelated and blurred, appearing as a dark shape against a light background.

ORU

This image is severely pixelated and lacks clear definition. It depicts a person from the chest up, possibly a woman, with dark, wavy hair. She is wearing a light-colored, possibly white or cream, top. The background is dark and provides no clear context. The overall quality is very poor, suggesting a low-resolution scan or a heavily processed photograph.